



ANUNCIO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA DO IES DE MUGARDOS PARA O CURSO 2017-2018

Segundo a Instrución 7/2017, do 30 de maio de 2017, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria así como da lexislación vixente aplicable, o director do IES de Mugardos

CONVOCA:

Procedemento de contratación do servizo de xestión e explotación da cafetería.

Prazo de vixencia do contrato.

A contratación realízase polo curso 2017-2018.

Abranguerá do 1 de setembro de 2017 ao 31 de agosto de 2018.

O prazo de duración do contrato non pode ser superior a un ano, nin pode ser obxecto de prórroga.

Condicións de contratación.

As condicións da contratación recóllense na Folla de Especificacións Técnicas e mais nas Condicións para a contratación do servizo de xestión e explotación da cafetería en centros públicos non universitarios dependentes da Consellería. Pódense consular no taboleiro do centro ou na páxina web.

Participación nos gastos de consumo.

Ao non existir contadores, o adxudicatario aboará os gastos proporcionalmente segundo o establecido no apartado 9.6 do documento de Condicións.

A superficie útil da cafetería é de 36,72 m², e a do almacén de 6,70 m², resultando unha superficie útil total de 43,42 m². Ao lle aplicar os criterios proporcionais para determinar a participación nos gastos de consumo correspondente ao adxudicatario, corresponderalle unha cota de participación do 1,10% nos gastos de calefacción e electricidade.

Horario de apertura da cafetería.

O horario de referencia para a prestación do servizo de cafetería será o mesmo que o de apertura do centro: de luns a venres, de 8:45 a 14:25 e martes, de 16:20 a 18:00 horas. Aceptaranse propostas de horarios que cubran os treitos máis importante do horario escolar como os recreos.

En circunstancias excepcionais, previa comunicación por parte da dirección do centro, poderáselle requirir ao adxudicatario para que manteña aberta a cafetería no horario que se lle indique.

Canon anual mínimo esixible.

Segundo dispón o apartado 4.2 das Condicións, o canon mínimo esixible pola explotación e xestión do servizo de cafetería ascende ao importe de **350 €** anuais. Esta cantidade pode ser aumentada polas ofertas dos licitadores.

Lista de prezos de produtos de obrigada subministración.

Serán os que consten no Anexo III, adaptados ás circunstancias e necesidades do centro. Cada licitador indicará os prezos da súa oferta, pero non poderá superar os prezos máximos.. Pode incluír outros produtos non incluídos no citado anexo.

Presentación de solicitudes.

As persoas interesadas cubrirán a instancia a tal efecto que estará á súa disposición no centro, e presentarán a documentación requirida nas Condicións:

- Fotocopia do DNI. no caso de empresarios individuais ou CIF compulsado para persoas xurídicas.
- Declaración responsable (anexo I).
- Proposición de oferta económica (anexo II).
- Proposta de metodoloxía ou plan de traballo.
- Relación do persoal, currículum vitae das persoas propostas.
- Melloras propostas para o servizo.
- Lista de prezos de artigos que recollan ou melloren os citados no anexo III.
- Elaboración preferente de produtos na propia cafetería con utilización de materias primas naturais en vez de adquisición de produtos industriais e chuches.

Prazo de presentación de propostas.

Do 15 de xuño ata o 15 de xullo de 2017, na secretaría do centro en horario de mañá (10:00 a 13:00).

Criterios de valoración.

Serán os recollidos no punto 7 das Condicións.

Adxudicación do contrato.

Valoradas as ofertas presentadas en base aos criterios sinalados se requirirá ao licitador que teña presentada a oferta clasificada en primeiro lugar para entregar no prazo que se estableza, a documentación orixinal ou copia compulsada indicada no apartado 7.2 das Condicións e proceder á sinatura do contrato:

- Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social.
- Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Orixinal ou copia compulsada da alta no IAE.
- Xustificación de ter constituída unha póliza de seguro de responsabilidade civil para cobertura de danos a terceiros por un capital non inferior a 20.000 euros.

Mugardos, a 7 de xuño de 2017

Serafin Álvarez Rodríguez
Director do IES de Mugardos